

ARRIMEINA Ó VALADO

1

Arrimeina ó valado
á filla do labrador,
arrimeina ó valado
e viróuselle a color.

2

María ten boas pernas
que llas vin no corredor;
non hai pernas coma elas
na filla dun labrador.

3

Son filla do labrador,
sei poñe-los bois ó carro;
se me rompe a chavella
vírolla do outro lado.

4

Arrímate a min, neniña,
cálmame a miña tristura
que teño por ti pasado
moitos días de amargura.

♩ = 108



A - rri - mei - na ó va - la - do



á fi - lla do la - bra - do - re,



a - rri - mei - na ó va - la - do



e vi - rou - se - lle a co - lo - re.